

A arte rupestre e a súa aplicación na aula

Algúns Obxetivos...

- Fomentar nos rapaces/as o interés polo noso pasado e polo patrimonio natural, histórico, lingüístico, cultural e artístico, asumindo as responsabilidades que supoñen a súa conservación e mellora.
- Dar a coñecer aos rapaces unha das primeiras manifestacións artísticas como é a arte rupestre.
- Achegar os lugares prehistóricos aos rapaces a través dos xacigos arqueolóxicos.
- Identificar e situar cronolóxicamente os vestixios existentes relacionándoos cos pobos ou sociedades que os produciron para comprender mellor as súas orixes e a súa identidade
- Comprender que a arte rupestre encerra moitas veces un significado que para nós é descoñecido; é unha “linguaxe simbólica” que era comprensible para os grupos prehistóricos.
- Valorar e respetar ese patrimonio xa que se trata do legado dos nosos antepasados

Algúns CONTIDOS...

Conceptuais

Etapas da prehistoria
Os petróglifos ou gravados rupestres
As sociedades creadoras dos gravados rupestres
A produción de alimentos
As ferramentas empregadas
...

Actitudinais

-Tolerancia, respecto e valoración crítica de épocas e sociedades distintas da propia, valorándoas como elementos enriquecedores da existencia colectiva da sociedade.

-Valoración dos vestixios do pasado e disposición a actuar de maneira favorable á súa conservación.

-Valorar a importancia de situarse na época e sociedade obxecto de estudio para comprendela mellor.

...

Avaliación

-Dominio das categorías temporais e espaciais.
-Coñecemento de novo vocabulario patrimonial.
-Distinguir diferentes motivos representados
...

Algunhas actividades

- A investigación sobre algún feito de carácter descriptivo relacionado con algún achádego.
- A representación cronolóxica dos elementos patrimoniais/representación gráfica das etapas da prehistoria
- A análise de paisaxe natural e das transformadas pola actividade humana.
- A reflexión sobre a necesidade de defender o patrimonio cultural.
- O manexo e interpretación de mapas, croquis e gráficos empregados como fonte de información.

Algunhas actividades

- Ter nas clase un obradoiro, unha reprodución dun gravado que sirva de soporte para que os alumnos fagan sobre el un calco ou botarlle un plástico (método de estudio)
- Diferenciar entre a representación real e do imaxinario
- Localizar diferentes motivos
- Coñecer as diferentes lendas entorno aos gravados
- Aprender vocabulario relacionado coa temática
- Lectura dunha noticia sobre gravados rupestres (achádego, conservación..., ou a recollida dalgunha lenda da moura entorno a algún dos gravados
- Realización de fichas didácticas

A CONTEXTUALIZACIÓN XERAL

Previamente ao comezo das explicacións e dos obradoiros pódese facer unha breve descripción sobre que é a Arqueoloxía, en qué consiste o traballo do arqueólogo e a importancia da conservación de noso patrimonio arqueolóxico e histórico, en xeral, pero tamén pódese abordar dende o punto de vista da Arte.

¿Qué é un xacigo?

Chamamos xacigo ao lugar donde se atopan os restos arqueolóxicos. É decir, un lugar con restos de actividades humanas (acción antrópica) potencialmente interpretables a través do método arqueolóxico



Cronoloxía

- PREHISTORIA
- Paleolítico (útiles de pedra tallada).
 - Paleolítico Inferior (700.000-125.000 a.C.).
 - Paleolítico Medio (125.000-35.000 a.C.).
 - Paleolítico Superior (35.000-8.000 a.C.)

Mesolítico (mellora tecnoloxía / 8.000-5.000 a.C.).

Neolítico (útiles pedra puída, cerámica / 5.000-2.500 a.C.).

Cronoloxía

- PREHISTORIA:
- Calcolítico/Idade do Bronze (comeza o traballo dos metais: cobre e bronce).
 - Calcolítico-Bronze Antigo (2.500-1.600 a.C.).
 - Bronze Medio (1.600-1.200 a.C.).
 - Bronze Final (1.200-800 a.C.).
- PROTOHISTORIA (non hai textos propios pero si doutras culturas):
- Idade do Ferro (comeza o traballo do ferro / *Cultura Castrexa*): 800 a.C.-remate da conquista romana do NW. (aprox. 29-19 a.C.).


Cronología

- IDADE ANTIGA :
- Dominación Romana (s. I a.C.- inicios s. V d.C.).
- Dominación Suevo en Galicia.
 - 409 (entran na Península Ibérica) – 460 (supremacía visigoda).

Cronoloxía

- IDADE MEDIA:
- Alta Idade Media (s. VI – s. XII).
- Baixa Idade Media (s. XIII – s. XIV).
- IDADE MODERNA (formación dos Estados Modernos / s. XV – finais s. XVIII).
- IDADE CONTEMPORÁNEA (s. XIX – actualidade)

¿COMO CONTAMOS?



A CONTEXTUALIZACIÓN DO
PERIODO QUE ESTAMOS A TRATAR

Holoceno ou Posglaciar

Epipaeolítico e Mesolítico:

Fase climática Preboreal (8050 a 7050 a.C.)

Fase climática Boreal (7050 a 5050 a.C.)

Neolítico:

Fase climática Atlântico (5500 y 3000/2500 a.C.), clima fresco e maior pluviosidade

Calcolítico e Idade do Bronze:

Fase climática Subboreal (2500 a 800/700 a.C.), clima similar ao presente.

Actividade

Obxectivo:

Mostrar o proceso de deposición dos estratos a través do tempo, explicando cómo a estratigrafía se convirte nun negativo do proceso de conformación do xacigo, polo que si se sabe leer será como un libro aberto.





Material:

Caixa de plástico transparente, distintos tipos de terra, fragmentos cerámicos, pequenos obxectos imitando pezas arqueolóxicas.

Actividade

Trátase de que aprendan a situar obxectos nos niveis correspondentes ás sociedades que a produciron

Aquí tes unha secuencia estratigráfica, colorea os diferentes niveis de terra e coloca en cada un deles un obxecto diferente dos que tes ó pé do dibuxo



O Clima

- Atopámonos no Holoceno, iniciado fai uns 10.000 años.
- Aproximadamente cara o 4.000 a.C., progresivo incremento da humidade e a temperatura que favorece o incremento da vexetación arbórea así como o aumento do volume das augas do océano atlántico, acadando os maiores valores térmicos no suroeste de Europa.

Período Subboreal

O inicio da “Idade dos Metais” coincide aproximadamente co inicio do periodo Subboreal (3.050-950 a.C.), máis fresco e seco que o que lle precede (Atlántico).

En Europa occidental a influencia oceánica produciu un moderado descenso das temperaturas, pero tamén un aumento da humidade.

A vexetación

Os datos polínicos indican para Galicia un retroceso da carballeira mixta en beneficio dos bosques de haxas e abetos, sendo a árbore máis representativa o alisio, propio do clima frío e moderadamente húmedo.

Comeza a facerse patente a acción antrópica na transformación da paisaxe, coa creación de brañas.

Alimentación

Presencia de ovicápridos, bóvidos e suídos.

Productos secundarios coma leite e a obtención dos seus derivados como o queixo, e a manteca.

Aínda que o cervo e o cabalo teñen unha gran presenza na representación dos gravados rupestres, tamén destacan o xabarín, o corzo ou o coello



Actividades

- Realización dun álbum con distintas especies arbóreas presentes nesa época.
- Representación dunha paisaxe sobre papel (escenificación) que logo se colocaría nunha parede da aula
- Realización dun álbum ou/collage donde se reflictan as diferentes especies animais correspondentes a este periodo

O día a día

Através das investigacións levadas a cabo nos últimos anos dedúcese que realizaban outros traballos coma o procesado de fibras animais como a lá así como vexetais como o liño sendo empregados na elaboración de tecidos e indumentaria. A materia prima vexetala tamén sería empregada para a construción de estruturas ou labores de cestería.

Outra actividade fundamental era a elaboración de vaixelas e utensilios



O traballo do metal

- As primeiras producións metálicas caracterízanse polo uso da tecnoloxía do cobre coa fabricación de machados planos, cinceis alabardas, puñais de espigo,...
- Máis tarde traballarán o bronce empregado sobre todo para a fabricación de espadas
- Respecto a orfebrería dende mediados do III milenio a.C coñécese as dúas técnicas de traballo o laminado e a fundición de pezas macizas.

INTERACIÓN

Ampliación das redes de intercambio, mediante as que:

Obtéñense materias primas

Intercambianse obxectos

Difúndense técnicas e ideoloxías

Exemplo. Cerámica campaniforme



Intensificación

Crecemento demográfico

Aparición de asentamientos máis visibles que nos tempos neolíticos precedentes

Maiores dimensións dos asentamentos: (nalgúñas zonas da Península Ibérica, atopamos poboados fortificados)

Cerámicas ricamente decoradas

Ocupación máis ampla da paisaxe

Exércese un maior control sobre o territorio inmediato, aínda que seguen mantendo unha certa mobilidade residencial

O poboado da Idade do Bronce

Reconstrucción dunha cabana
no PAAR en Campo Lameiro

Fai 4000 anos



Final do fenómeno tumular clásico

Cara o 2.700 a.C. péchase o corredor dalguns monumentos megalíticos

Comezan fenómenos de individualización no mundo funerario, donde poden aparecer ricos enxovais

Durante este período coñécense dúas manifestacións artísticas:

- Grabados nas laxas dalgunhas cistas

- Petróglifos do Grupo Galaico de Arte Rupestre

¿Qué é o grupo galaico de arte rupestre?

- Non todos os gravados que aparecen sobre rochas ao aire libre teñen que coincidir nin nos aspectos temáticos nin na cronoloxía.
- Conformao só un conxunto de gravados cunhas características tipolóxicas e técnicas moi similares e cun grado de desgaste moi apreciable

Distribución

- Concentrada no cuadrante suroccidental de Galicia
- Maior densidade no val do río Lérez
- Sumáronse nos últimos anos outras comarcas nas que antes non se coñecían achádegos

Ubicación

- A norma xeral que mostran na súa localización é unha forte preferencia polas altitudes medias e baixas
- Situados case sempre en zonas de chans pobres, cubertas de maleza ou destinadas a pastos, con puntos de auga nos arredores, e incluso zonas de brañas
- Nos terreos de ladeira, ubícanse no tercio superior
- En ocasións hai relación con asentamentos

Actividade

Localización de petróglifos

Manexo de mapas e sitios
xeográficos

Trata de situar no mapa os nomes dos petróglifos seguintes:

"Millaradas"


"Poza da Lagoa"

"Auga da Laxe"

"San Cosme"

"Pedra Moura"

"Monte Penide"




AS ROCHAS

- Téndese a elexir rochas de superficie plana, a ras do chan, pouco visibles dende certa distancia (algunhas hoxe están cubertas por sedimentos)
- Na súa maior parte, os conxuntos non parecen concebidos para ser vistos dende a distancia
- Sen embargo, hai algúns petróglifos de temática naturista, que por estar ubicados en superficies moi inclinadas, si poden estar concebidos para verse a certa distancia

¿Cómo se facían os gravados?

- Esquema idealizado para a creación dun petróglifo.
- Arqueoloxía experimental
- Empregaríanse rochas de cuarzo a modo de percutores
- Fases:
 1. Elección do soporte
 2. Delineado da figura a gravar
 3. Percusión directa
 4. Abrasión cun pequeno canto de cuarcita.



Fonte extraída da guía do PAAR

Deseños xeométricos

- É a que máis aparece amplamente representada: puntos, círculos concéntricos, combinacións de estes, espirais, deseños laberínticos, etc
- Conforman a base iconográfica esencial
- Poden aparecer asociados con outros de temática naturista
- Problemática de datación das coviñas



Combinacións circulares



Combinacións circulares



Laberintiformes

REPRESENTACIÓNS FIGURADAS

- Representacións a medio camiño entre a estilización e o puro esquematismo
- Os temas máis frecuentes son zoomorfos: cervos e cabalos sobre todo
- Antropomorfos
- Figuras concretas, como certas armas
- Figuras dos chamados “ídolos cilindro”

Cervos

- Figuras de aparición máis frecuente
- Representacións dinámicas e estáticas
- Aparecen variantes locais



Distintas
representacións de
cérvidos feridos ou
atrapados



Laxe dos Carballos,
Paredes, Campolameiro





Actividade

Localización

Xeografía

Primaria

Co axuda do teu profesor e consultando a bibliografía que tes ó final do caderno, localiza estes cérvidos e trata de sinalar:

a) o nome do petroglifo ó que pertencen

b) a área xeográfica onde se localizan.



Didáctica

Actividade

Aquí tes debuxos de varios cervos ¿son todos iguais?.

¿que forma teñen os seus corpos?

Os cuadrúpedes en xeral, parécense entre si na súa forma? ¿E os mamíferos?

¿ De que se alimentan os cervos?





Figura humana

- Escasas representaci3ns
- Figuras cazando a p3 ou cabalgando



Actividades para escenas de doma e monta

Preguntas

¿Cal é o elemento co que soen amosarse na maioría das veces as figuras humanas de carácter esquemático?

¿Qué soen levar as figuras esquemáticas nas súas mans?

¿Qué actitude adoptan polo xeral as figuras humanas con respecto aos cervos?

Actividade

Observación

Identificar actividades representadas




FICHA 8

A agricultura é unha actividade que se practicou en tempos moi remotos,

¿sería tan importante como para ser representada? ¿por que?

Marca cun X os obxectos que se adoitan empregar no campo:

arado	sacho	serra	sementes	fouciño
secador	legón	fouce	martelo	lanterna
anciño	formigoneira	fiadeira	ordenador	carro



Superficie de Valcamónica (Italia), que reproduce unha escena de traballo agrícola xunto a representacións de puñais (segundo E. Anati)

Actividade

Aprender a observar

Describir

Relatar



Estes dous petroglifos pertencen á superficie da gran rocha de Naquane en Valcamónica (Italia). Entre eles existen 10 diferencias, búscaas e sinala cáles son.



FICHA 6

MUSEO MUNICIPAL
QUÍÑONES
DE LEÓN
VIGO

Actividade

Observación

Descrición

Este gravado representa unha escena de guerra, ¿que tipo de armas observas?

¿Hai algún tipo de transporte? ¿cal?

¿Por que se darían este tipo de conflitos?

¿Tódolos personaxes son iguais?



Antropomorfos






FICHA 2

MUSEO MUNICIPAL
QUÍÑONES
DE LEÓN
VIGO

Actividade

Vocabulario

Diferenciar distintos motivos



Observa a superficie de Laxe de Viascón en Sacos (Cotovade; Pontevedra, busca e sinala cun 1 os círculos, cun 2 as cazolas, cun 3 as esvásticas e cun 4 as paletas.

Idolo cilindro



Pedra das Ferraduras,
Cotobade, Pontevedra

Figuras de armas

- Puñais e alabardas que se corresponden con modelos concretos







FICHA 5

MUSEO MUNICIPAL
QUÍÑONES
DE LEÓN
VIGO

Actividade

Vocabulario

Identificación

Aquí tes unha serie de armas características da arte rupestre galega, pónlle-lo nome que lles corresponde.



.....



.....



.....




.....




.....

Alabardas



Escudiformes



Didáctica

Localización de xacigos de arte rupestre



MUSEO MUNICIPAL
QUIRÓN DE LEÓN
VIGO

FICHA 1






Observa estas ilustracións, ¿saberías dici-lo seu nome e a que áreas xeográficas pertencen?



Actividade

Vocabulario

Coloca nos cadros da cruzada os nomes dos debuxos que a rodean



Interpretación

- Non podemos saber o seu significado porque o código perdeuse
- Pero podemos destacar varios aspectos:
 - Represéntanse armas metálicas que non estarían ao alcance de todo o mundo (símbolos de estatus)
 - Represéntanse escenas de caza, que é interpretado para estas sociedades, como una actividade de prestixio social
 - Indica que non expresa un discurso sinxelo, sinon que ten unha forte carga simbólica de moi difícil interpretación

¿estarían pintados?

- Para poder enténdelo temos que mirar cara atrás, así que o máis próximo ao Calcolítico e a Idade do Bronce sería o Neolítico...aínda que podemos ir máis aló ao Paleolítico, sin embargo en Galicia moi pouco se conserva deste periodo.
- Un dos elementos máis novedosos na investigación do fenómeno do megalitismo durante o Neolítico ten que ver co a arte gravada ou pintada nas lousas que configuran as cámaras
- Polas investigacións realizadas, non se cree que o gravado sexa un feito cultural diferenciado da pintura.
- Tense un profundo convencemento de que se trata dunha acción paralela non só no espacio sinon tamén no tempo ante idénticos impulsos rituais e simbólicos.
- A diferenza é que na pintura se engaden materiais á pedra soporte e no gravado actúase sobre esta para eliminala.

Técnicas da pintura parietal


- Pintura simple:consiste na aplicación directa dunha pintura sobre a pedra soporte.
- Pintura complexa: a pintura aplícase sobre un revoco ou capa de preparación previa de carácter arxiloso e cor branquecina

Os pigmentos

- Son materiais coloreados que se mixturan cun adhesivo (aglutinante) e un diluínte (auga) para lograr un material líquido que será posteriormente aplicado sobre un soporte (pedra, revoco...)
- As cores detectadas maioritariamente son:
 - Vermello
 - Negro
 - Blanco

Pinturas rupestres

Algúns exemplos de pinturas
rupestres do megalitismo
Forno dos Mouros na Coruña



Actividades

Elaboración de pinceis con fibra vexetal, animal paus e cordas

Pintado das mans en negativo

Elaboración de colgantes

Elaboración de cerámica e decoración con cunchas



A conservación



Incendio 2006 Alto do Morouzo, Oia



Emprego de maquinaria pesada de xeito inadecuado



Canteiras



Vandalismo, Os Campos, Baiona

¿Qué se pode facer para evitar a destrución deste Patrimonio?

Algunhas recomendacións

Non tocar/Non pisar: o contacto frecuente das mans e pés sobre os gravados rupestres pode causar desprendemento da superficie da rocha

Non remover: A contorna de calquer sitio rupestre pode conter importantes evidencias que poden axudar a reconstruír a historia do lugar. A ras do chan ou enterrados están ás veces fragmentos cerámicos, óseos ou líticos, que poden representar unha importante fonte de datos para os investigadores.

Non limpiar si non é con persoal especializado.

Non facer graffitis, nin marcar as rochas para resaltar os debuxos xa que produce un dano irreparable.



Divulgación do Patrimonio Rupestre



Área arqueolóxica do Tourón. Ponte Caldelas, Laxe das Cruces




Realización de calcos

Actividade

Coincinciar da necesidade de conservar este Patrimonio

Observa atentamente este petroglifo ¿Cal foi o proceso de alteración que sufriu?



Marca cun **X** os cadros que indiquen os factores favorables para a conservación dos petroglifos.

- ☐ Extracción da pedra
- ☐ Control de público, carteis, publicacións, valados...
- ☐ Existencia de microorganismos como as bacterias, líques...
- ☐ Incendios forestais e contaminantes atmosféricos.
- ☐ Existencia dunha lexislación eficaz.
- ☐ A chuvia a humidade ambiental, o vento e a luz.
- ☐ O xeo e o desxeo
- ☐ Tratamentos de limpeza e restauración.

APLICACIÓN DO MÉTODO ETNOGRÁFICO

Referencias orais

Patrimonio inmaterial

Trátase de rexistrar lendas de tradición popular, enquisas directas entre os habitantes das zonas estudadas, etc. de datos e información sobre o pasado máis recente. Ás veces poden proporcionar datos moi antigos e curiosos.

O imaxinario popular galego e ao igual que noutros xacementos arqueolóxicos volcou sobre os petróglifos lendas

Tenden a aparecer nelas referencias a tesouros custodiados polos mouros, serpes e mulleres que custodian o tesouro.

Actividade


- Recollida do patrimonio inmaterial existente entorno aos gravados rupestres obxecto de estudio.
Así a través de enquisas aos habitantes das zonas estudiadas, ás veces pódense obter datos relevantes.
- Escoitar unha gravación donde se relate a lenda. Ex Fragoselo.

Actividade: Ficha de campo



FICHA 13

Petroglifo "Pedra Moura"



Localización:

Provincia: Concello:

Parroquia: Lugar:

Acceso:

☐ Pista

☐ Estrada

☐ Camiño

☐ Outro ¿cal?

Utilización do contorno:

Coordenadas xeográficas:

Aspectos xeolóxicos:

Visibilidade dos gravados:

☐ Boa

☐ Parcialmente derruidos

☐ Parcialmente tapados

☐ Imposible de observarlos

Temática do gravado:

☐ Xeométrica

☐ Naturista

Descrición

¿Canto mide a rocha?

longo largo

¿Canto mide a superficie gravada?

longo largo

¿Que tipo de motivos aparecen representados?

Trata de medi-lo raio do círculo máis grande ¿Canto mide?

¿Presenta cazola?

¿Cantos círculos concéntricos contén?

¿Hai árbores preto do petroglifo?..... ¿Consideras que isto é bo ou pola contra pode ser prexudicial? Razoa a resposta.

¿Este petroglifo está valado? ¿Cales son as súas condicións?

Fotografía/s


Bibliografía

Actividade: Ficha de campo



FICHA 16

Petroglifo "Auga da Laxe"



Localización:

Provincia: Concello:

Parroquia: Lugar:

Acceso:

☐ Pista

☐ Estrada

☐ Camiño

☐ Outro ¿cal?

Utilización do contorno:

Coordenadas xeográficas:

Aspectos xeolóxicos:

Visibilidade dos gravados:

☐ Boa

☐ Parcialmente derruídos

☐ Parcialmente tapados

☐ Imposible de observarlos

Temática do gravado:

☐ Xeométrica

☐ Naturista

Describe o petroglifo:

¿Canto mide a rocha?

longo largo

¿Pensas que os obxectos aquí representados están a tamaño natural?

¿Por que farían estes motivos tan grandes?

¿Que tipo de motivos aparecen representados?

.....

.....

Agora xunto cos teus compañeiros tratade de medi-la espada,
¿canto mide de longo?

Mide tamén dous puñais ¿Canto miden?

¿Sabes que outro nome recibe esta pedra?

¿ Cantos puñais hai?

¿Cantos escudiformes hai?

¿Cantas alabardas hai? ¿Son todas iguais? ¿En que se diferencian?

Agora tómalle o suco ó gravado que ti queiras e debúxao.

Fotografía/s

Bibliografía

Bibliografía

- VVAA; **Los motivos geométricos en los grabados rupestres prehistóricos del continente europeo.** Asociación Arquelógica Viguesa. Serie Arqueológica Divulgativa, nº 2, 1996
- VVAA; **Los motivos de fauna y armas en los grabados prehistóricos del continente europeo.** Asociación Arquelógica Viguesa. Serie Arqueológica Divulgativa, nº 3, 1997
- VVAA; **Reflexiones sobre el arte rupestre prehistórico de Galicia.** Asociación Arquelógica Viguesa. Serie Arqueológica Divulgativa, nº 4, 1998
- Carrera Ramírez F. e Fábregas Valcarce R. **Arte parietal megalítico no noroeste peninsular.** Tórculo Edicións. 2006
- Costas Goberna F.J e Hidalgo Cuñarro J.M; **La figura humana en los grabados rupestres prehistóricos del continente europeo.** Asociación Arquelógica Viguesa. Serie Arqueológica Divulgativa, nº 1, 1995
- Barciela Garrido P. e Rey Seara E; **Xacementos arqueolóxicos de Galicia.** Xerais 2000
- Costas Goberna F.J; **Petroglifos del litoral sur de la Ría de Vigo.** Publicacións do Museo Municipal "Quiñones de León de Vigo, nº 8. Vigo, 1985
- Costas Goberna F.J e Fernández Pintos, J; **Nuevos petroglifos al litoral sur de la Ría de Vigo (Valles Fragoso e Miñor).** Castrelos 0. Vigo, 1987
- Costas Goberna F.J; Hidalgo Cuñarro J.M e Ferreira Priegue F. **Arte rupestre nos Montes de Maúxo.** Rutas arqueolóxicas Vigesas., nº 2. Museo Municipal "Quiñones de León, Vigo 1998

Bibliografía

García Alén A. e Peña Santos A, de la; **Gravados rupestres de la provincia de Pontevedra**. A Coruña, 1980.

Monteagudo García, L; **El petroglifo de Fragoselo**. Archivo Español de Arqueología, nº 52, Madrid, 1943

Peña Santos A, de la; Vázquez Varela J.M; **Los petroglifos gallegos**. Cuadernos del seminario de Estudios Cerámicos de Sargadelos 30, Sada-A Coruña, Edición do Castro, 1999

Pereira García E; **Caderno didáctico sobre os petróglifos**. Museo Municipal "Quiñones de León, Vigo 1999.

Pereira García E; **O pasado en color a través das rochas**. Museo Municipal "Quiñones de León, Vigo 1999.

Vázquez Collazo S; **Primeiro Curso de Guías para o Parque das Illas Atlánticas**. 2006

Fotografías: Carrera Ramírez F.; Costas Goberna F.J; Fábregas Valcarce R.; Vázquez Collazo S.; Pereira García E.; Páxinas web e da guía do PAAR.

Debuxos: Costas Goberna F.J